

Día das
Letras Galegas

Novoneyra, 2010

Os Eidos


A longa xestación
da publicación dun libro

XOSÉ MARÍA DOBARRO

Nunha carta de 11 de marzo de 1953, Ramón Piñeiro comunicáballe a Fernández del Riego que andaba a ler "un libro interesante", "un libro de poemas galegos inéditos que é, ó meu ver, o máis interesante libro que se escribiu en galego nos tempos derradeiros. [...] Canto máis se le máis bonito resulta. Gustarache moito pola súa extraordinaria sobriedade. Chámase *Os eidos*. O autor é o poeta Novoneyra. Recolle con maravillosa sinxeleza a vida e mais o ambiente do Caurel. Inantes de llo devolver mandarecho a ti para que o coñezas".

Do mesmo tema e im-

presións fálalle a José Luís Allué: "Onte mesmo, un poeta novo entregoume os orixinais de un libro inédito que é, ó meu ver, a cousa máis interesante que se escribiu aquí nos últimos tempos. Titúlase *Os eidos* e recolle, con ritmo e expresión maravillosa, os elementos cósmicos e as sensacións máis elementais e sinxelas da vida do Caurel. Quizais cho enviarei pra que o leas e logo mo devolvas, pois ti, por vivires lonxe da terra, necesitas recibir de vez en cando o 'orballo' espiritual da nosa poesía". O curioso é que a carta está datada o 19 de marzo, isto é, oito días despois da enviada a Fernán-

Caligrama de
"CHOVE para que
eu soñe..." (1953).

dez del Riego. Xa que logo, Novoneyra entregáralle o libro antes do "onte mesmo" do que di Piñeiro.

Catro meses despois (31-VII-1953), Piñeiro comunicálle a del Riego "O Novoneyra entregoume dezasete poemas novos para o seu libro *Os eidos*. Como me insiste en que lle faga un prólogo, vou ver se nestes días o fago [...] E algo debeu facer como di no prólogo "Carta a Novoneyra", datado en agosto do propio 1953.

Mais esta data non é para nada real, xa que a comezos do ano seguinte (26-I-1954) lle di a Allué Andrade: "Istes días estiven poñendo en limpo un prólogo que fai tempo pedírame o poeta Novoneyra -que é da túa mesma xeneración- pra un fermoso libro de poemas galegos. Niste ano publicárallo Galaxia". Pero o prólogo seguía sen chegar á editorial.

"Contaba con te ver en Cesures e entregáche alí estas fotos para a Guía, e o prólogo para o libro de Novoneyra. Mándochos todo hoxe", escribelle a Fernández del Riego o 17 de maio. E acabaría 1954 sen o libro na rúa. A mediados de maio de 1955 aínda faltaban cousas: "Tiñame esquecido da nota biográfica de Novoneyra que me pediche para *Os eidos*. Onte, ollando o tomo adicado á Paisaxe, lembreime do encárrago. Mándochas hoxe mesmo para que non sufra retrasos por mor diso a edición". Os retrasos xa foran abondos, máis de dous anos desde a entrega do orixinal. A partir de aí as cousas evoluíron con fluidez. O 19 de xuño Piñeiro comunica que Novoneyra "Quedou en que che mandaría as probas nesta mesma semá, pois o martes regresará ó Caurel". Así debeu ser e o libro, segundo indica o albaroque, "Rematouse de imprimir nos Talleres do Faro de Vigo, o día 15 do mes de Santiago de 1955".

Mallá ser tempo de verán, debeuse distribuír axiña pois Carvalho Calero (carta a Fernández del Riego de 18-VIII-1955) da conta de telo recibido: "Cando ía poñer o sobre de ista carta, recibo *Os eidos*,..."

Un gran dicidor de versos

Nunha carta datada en Compostela en xaneiro de 1959, Ramón Piñeiro faillle saber a Xosé Luís Allué Andrade que "os rapaces deiqui" -quer dicir, o grupo de universitarios que el controlaba ou tentaba controlar para achegalos ao seu galeguismo- andaban organizando un "curso de homenaxe á lírica galega", que se ía inaugurar cun recital de poesía medieval a cargo de Novoneyra. Así sucedeu, e un entusiasmado Piñeiro (carta de 23-II-1957) relataballo ó mesmo interlocutor deste xeito:

"Os rapaces da Universidade organizaaron un curso de conferencias-recitales de 'Homenaxe á Poesía Galega'. Inaugurouse onte. Pra inaugurar trouxeron a Novoneyra, que estivo esplendidamente ben. Dende o século XIII estou seguro que non se volveu a sentir e vivir a pura beleza das trovas dos nosos Cancioeiros como a xente as sentiu e viu onte en Compostela por gracia do gran caurel. Quedaron

impresionados. Os rapaces están tolos co Novoneyra. En poucos minutos soupo espertar niles unha fonda admiración e adhesión. Antes de comenzar a recitar fixo unha introdución que foi a máis fermosa presentación que se tiña feito en Galicia da nosa poesía medieval. Falou en galego e, de paso, con exemplar serenidade e gran valentía espresou conceptos moi craros, rotundos e precisos sobre a personalidade diferenciada de Galicia e sobre a nosa interpretación dela. Estivo, como che digo, verdadeiramente espléndido. Coido que, de agora en diante, convertirase no poeta representativo da nova xeneración".

Xosé Luís Franco Grande, un dos organizadores do ciclo, lembraba (*Os anos escuros*, 1985) que a Uxío só o coñecían "polos ditirambos con que Piñeiro o definía por entón, a parte de que escribira *Os Eidos*". Mais si o coñecía como estudante de Filosofía e Letras, como ávido lector-estudioso de literatura na Biblioteca Nacional, como poeta e como recitador un dos participantes nesa "Homenaxe a la poesía gallega" de 1957: Xesús Alonso Montero. Alon-

so sabía que nos anos finais da década dos corenta e nos primeiros cincuenta, Novoneyra dera moitos recitais por Madrid e os seus arredores. Na súa columna de *La Noche*, "Anacos", Borobó manifestaba con rotundidade que "...si a alguien se le puede llamar trovador en este tiempo gallego es a Novoneyra, trovador de sus propias trovas, segrel de las de los demás, juglar bajado del Caurel a las ciudades para desliz su ese insinuante y saudosa, silbante y esbelta, suave y sosegada, como si ondulosamente descendiesen hasta el siglo XX los arroyos de la poesía medieval, embalsada siete siglos en los altos montañas del Caurel".

Na difusión e coñecemento da nosa poesía medieval xogou un papel decisivo a *Escolma de Poesía Galega. I. Escola medieval galego-portuguesa* (Galaxia, Vigo, 1952) de Xosé María Álvarez Blázquez. E mesmo o propio Novoneyra se achegou ó neotrobarismo.

Corenta anos despois, Novoneyra seguía lembrando amorosamente aquel recital: "Pedraio mandara o discurso inaugural, en castelán, e alguén o leu, e eu empecé a falar, presentei a cousa en galego, e dei o recital en galego".

IR INDO
Ir Indo Edicións
Avda Florida 30
36210 Vigo
Tlfno: 986 21 12 12
Fax: 986 21 11 33
www.irindo.com
administracion@irindo.com

Dicionario de galego
www.digalego.com
Mellor aplicación online galega.
Premios Eganet 2009.

EGU
www.egu.es
Enciclopedia Galega Universal en liña.

http://tenda.irindo.com

Novidades



DIA DAS LETRAS GALEGAS
XVIII CONCURSO LITERARIO
XAIME ISLA COUTO

17 de Maio de 2010 17:30 h.
CONFERENCIA:
"LINGUA E LITERATURA" de Ana M^a Outón Barral.
Entrega de Premios na Confraría de pescadores de Raxó